

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Á ÁREA SANITARIA COMPOSTELÁ CONTINÚA A VACINACIÓN FRONTE A COVID A PERSOAS DE 80 E MÁIS ANOS DA ÁREA

- **Na área compostelá vacinaranse os máis de 34.000 octoxenarios con Tarxeta Sanitaria, que se virán sumar aos máis de tres mil maiores ca vacinados nas residencias**

Santiago 22 de febreiro 2021.- A Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza continuou hoxe coa vacinación fronte a COVID-19 a persoas de 80 ou máis anos. Dende a semana pasada, un equipo de 10 traballadores de servizos xerais e un coordinador empezaron a contactar con máis de 34.000 octoxenarios que restan por vacinar na área sanitaria compostelá e que se virán sumar aos máis de 3.000 maiores de máis de 80 anos xa vacinados nas Residencias Sociosanitarias.

As enfermeiras dos 8 equipos de vacinación da área desprázase a partires de hoxe e de xeito paulatino aos 16 puntos de vacinación nos que ata o venres desta semana citaranse a uns 5.500 usuarios.

Onte acudiron uns aos centros de saúde de :

→A Estrada ... 120

→Arzúa ... 85

→Melide ... 93

→Muros ...117

→Negreira ... 110

→Santa Comba ... 59

→Silleda ... 110

→Ribeira ... 94

Tan só NON acudiron 2 das persoas citadas.

Mañá martes continuará a vacinación nos centros de saúde para os que están citadas máis de 700 persoas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

:

- A Estrada
- Fontiñas
- Melide
- Muros
- Noia
- Santa Comba
- Silleda
- Ribeira

Por outra banda, subliñar que ao longo da fin de semana foron vacinadas nas instalacións do CHUS máis de 2.500 persoas de diferentes colectivos: Axuda no fogar, Centros de Día, e diferentes profesionais sanitarios non vinculados ao Sergas, como: médicos, enfermeiros, farmacéuticos, odontólogos, hixienistas dentais, fisioterapeutas, psicólogos ou logopedas. Asimesmo, os residentes do Psiquiátrico de Conxo tamen recibiron a primeira dose da vacina está fin de semana.

Na Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza hai case 8.000 persoas que recibiron xa as dúas doses da vacina, mentres que a preto de 18.000 persoas se lles administrou a primeira dose.

SAÚDOS